



MEMORIA DE CALIDADE

Facultade de Ciencias da Comunicación

Curso Académico: 2019/2020

Índice

1. Introdución	2
2. Seguimento do Sistema de Garantía de Calidade e dos seus resultados	5
Directriz 1. Política e obxectivos de calidade.....	5
Directriz 2. Deseño, revisión periódica e mellora dos programas formativos	16
Directriz 3. Garantía da aprendizaxe, ensinanza e avaliación centrados no alumnado.....	61
Directriz 4. Garantía e mellora da calidade dos recursos humanos	95
Directriz 5. Garantía e mellora da calidade dos recursos materiais e servizos.....	117
Directriz 6. Información pública	124
3. Plan de Melloras do centro	127
4. Modificacións nos diferentes títulos	143
5. Listaxe de evidencias e indicadores	144

1. Introducción

A Facultade de Ciencias da Comunicación acadou a ACREDITACIÓN INSTITUCIONAL con data 17 de decembro de 2019.

O día 22 de novembro de 2019 remitiuse á Facultade, dende a Área de Calidade da USC, copia do certificado de avaliación da ACSUG respecto á implantación do Sistema de Garantía de Calidade do centro, que resultou favorable. Este proceso constitúe o maior recoñecemento institucional sobre o grao de implantación e de madurez do SGC no eido universitario europeo, e de xeito máis amplo, un avance da política de calidade para o conxunto da USC.

O informe da ACSUG, vinculante para o Consello de Universidades, órgano competente para ditar a resolución definitiva de acreditación institucional dos centros, segundo o establecido no Capítulo III do Real Decreto 420/2015, do 29 de maio, de creación, recoñecemento, autorización e acreditación de universidades e centros universitarios; conlevou o pronunciamento favorable do Consello de Universidades, quen emitirá a resolución definitiva.

Cómpre sinalar que a acreditación Institucional acadada supón a inscrición do centro como acreditado no Rexistro de Universidades, Centros e Títulos (RUCT), de forma que todos os títulos universitarios oficiais de Grao e Máster correspondentes que nel se imparten, incorporarán como data de renovación da acreditación no Rexistro de Universidades, Centros e Títulos, a correspondente á resolución de acreditación institucional ditada polo Consello de Universidades, antes sinalada: 2019.


A renovación da acreditación institucional deberase levar a efecto antes do transcurso de cinco anos contados a partir da data de obtención da primeira resolución de acreditación, e realizarase un seguimento institucional transcorridos tres anos.

A Facultade de Ciencias da Comunicación, no marco da Convocatoria 2019 de Boas Prácticas de Calidade nos centros, que realiza anualmente a USC, foi premiada co Recoñecemento de Boas Prácticas, nos termos que a continuación se expoñen:

Gran Área: Ciencias sociais e Xurídicas

Único Centro premiado: Facultade de Ciencias da Comunicación

Proceso do Sistema de Garantía de Calidade no que se inscribe a Boa Práctica: PC-05 Análise de resultados e mellora dos programas

Acción premiada:  [Protocolo de intervención sobre o alumnado en risco potencial de abandono dos estudos no Grao en Comunicación Audiovisual](#)

A estrutura específica da Facultade de Ciencias da Comunicación concrétese no que sigue:

- Desde o punto de vista da oferta docente: un abano de títulos que se materializa nun Grao en Comunicación Audiovisual, un Grao en Xornalismo, un Dobre Grao en Xornalismo e en Comunicación Audiovisual, e un Máster Universitario en Xornalismo e Comunicación.
- Desde o punto de vista dos órganos de goberno do centro: un Decano, dúas Vicedecanas e unha Secretaría académica. Asemade, unha Xunta de Facultade, da que deriva unha Comisión Permanente, ao tempo que toda unha serie de comisións delegadas: a Comisión Académica e de TFG; Comisión Económica e de Infraestruturas; Comisión de Normalización Lingüística; Comisión de Actividades Extracurriculares e de Xénero. Ademáis destas, existen no centro outras comisións estables non delegadas da Xunta de Facultade: Comisión de Calidade; Comisión Académica do

Máster Universitario en Xornalismo e Comunicación; Comisión de Biblioteca e Mediateca; Comisión de Mobilidade.

- Desde o punto de vista da normativa rectora do funcionamento interno, a Facultade réxese polas normativas xerais da USC e, particularmente, polo seu Regulamento de Réxime Interno (aprobado en Xunta de Facultade o 31/03/2016). Así mesmo, deben considerarse as memorias verificadas dos graos en Comunicación Audiovisual e en Xornalismo, e do Máster Universitario en Xornalismo e Comunicación, sometidas a actualización en 2020. Por último, o Manual do Sistema de Garantía de Calidade (aprobado en Xunta de Facultade ó 4/06/2018) e o Manual de Procesos do Sistema de Garantía de Calidade que acompaña e desenvolve o anterior.

A Facultade de Ciencias da Comunicación conta, particularmente, para o desenvolvemento do seu Sistema de Garantía de Calidade, coa seguinte estrutura:

- O equipo de dirección do centro, á cabeza do cal se encontra a figura do Decano, comprometido co establecemento, o desenvolvemento, a revisión e a mellora do sistema de xestión da calidade. A este equipo correspóndelle, en primeira instancia, definir a planificación estratéxica do centro, o que se concreta no Plan Estratéxico de carácter quinquenal e a Memoria de Calidade de carácter anual. Cabe mencionar que, en relación ó Plan Estratéxico 2015-2020, segundo acordou a Xunta de Facultade reunida en decembro de 2020, vense de solicitar á Comisión de Calidade delegada de Consello de Goberno, a súa prórroga durante un período de 2 anos (2020-2022), co gallo de materializar na súa totalidade os obxectivos nel contidos.
- A Comisión de Calidade do Centro, órgano que participa nas tarefas de planificación, desenvolvemento e seguimento do SGC, ao tempo que actúa como medio de difusión interna de tal sistema e dos seus logros.
- A Responsable de Calidade quen, entre as súas funcións, ocúpase de coordinar o funcionamento da antedita Comisión de Calidade.
- A Comisión Académica e de TFG, que vela polo funcionamento ordinario dos títulos de: Grao en Xornalismo e Grao en Comunicación Audiovisual, así como de Dobre Grao en Xornalismo e en Comunicación Audiovisual.
- A Comisión Académica do Máster Universitario en Xornalismo e Comunicación, que fai o propio no caso do título de máster.
- Os coordinadores responsables dos títulos de Xornalismo, por unha banda, de Comunicación Audiovisual e de Dobre Grao en Xornalismo e en Comunicación Audiovisual, por outra, e finalmente a coordinadora do título de Máster Universitario en Xornalismo e Comunicación.

En aplicación do *PE-02 Revisión e mellora* aprobado en Xunta de Facultade ó 4 de xuño de 2018, o procedemento de elaboración da presente Memoria de Calidade concretouse no que a continuación se indica:

Considerando que as comisións Académica e de TFG, por unha banda, e Académica de Máster Universitario en Xornalismo e Comunicación, por outra, en sendas reunións do 27 de Maio de 2021, de acordo co proceso *PC-05 Análise de resultados e mellora dos programas*, revisaron os indicadores correspondentes aos títulos, curso 2019-2020, e trasladaron á Comisión de Calidade as áreas de mellora detectadas e as propostas de accións a adoitar. Todo o anterior quedaría plasmado na Memoria de Calidade de cuia elaboración se encargaría a Comisión de Calidade, a cal en reunión do día 28 de Maio de 2021 daría traslado de dita memoria á ACMP para a súa revisión técnica. Con posterioridade, a Xunta de Facultade celebrada con data 09 de Xuño de 2021 procedería á súa aprobación.

2. Seguimento do Sistema de Garantía de Calidade e dos seus resultados

Directriz 1. Política e obxectivos de calidade

Estándar: o centro dispón dunha política e obxectivos de calidade que atenden ás necesidades e expectativas dos diferentes grupos de interese e se despregan por medio dun SGC estruturado como un proceso sistemático e cíclico que contempla os catro elementos do ciclo de mellora: planificar, desenvolver, analizar e actuar (mellorar) e inclúe mecanismos para a súa revisión e mellora continua.

Aspectos a contemplar:

- A vixencia da Política de Calidade.
- A evolución e grao de cumprimento do Plan Estratéxico do Centro, se é o caso.
- A evolución e grao de cumprimento dos obxectivos de calidade do centro.
- A evolución do proceso de elaboración desenvolvemento e seguimento do Plan de Melloras Anual do Centro (as accións de mellora terán un apartado específico, pero neste apartado debe valorarse se o SGC permite introducir melloras nos títulos, se se realiza correctamente o seu seguimento, se foron eficaces e conseguiron os obxectivos formulados, e se inclúen as recomendacións dos diferentes procesos de verificación, modificación, seguimento e acreditación).
- No caso de títulos interuniversitarios ou títulos que se imparten en varios centros da universidade, as accións levadas a cabo como consecuencia da implantación do SGC están coordinadas en todos os centros participantes.
- A vixencia e adecuación dos procesos, procedementos e documentación do SGC. Necesidade, se é o caso, de realizar cambios na xestión do Sistema de Garantía de Calidade.
- A adecuación e eficacia dos mecanismos de recollida de información de satisfacción, queixas, reclamacións, suxestións, necesidades e expectativas dos grupos de interese.

Reflexión/comentarios que xustifiquen a valoración:

Política de Calidade

No marco do xa mencionado "Informe de certificación da implantación do SGC", emitido o 30-07-2019 pola ACSUG, se realizan Recomendacións de Mellora que se asumirían tanto polo equipo directivo do centro, como pola Comisión de Calidade. Dende entón vense traballando na materialización das mesmas, tendo previsto a finalización de dita implementación ao longo do curso 2020-2021. Cabe destacar a actualización da política de calidade do centro no marco do Manual do Sistema de Garantía de Calidade suxeto a reforma.

Plan Estratéxico, Plan Plurianual e obxectivos estratéxicos

Dado que o Plan Plurianual do Centro, na práctica, se inspira no Plan Estratéxico, incorporando un cronograma destinado ao desenvolvemento do mesmo, imos tomar como referencia dito Plan Estratéxico para abordar o grao de cumprimento dos obxectivos de calidade do centro para o período 2015-2020. O citado Plan consta de 4 grandes obxectivos estratéxicos cada un dos cales está integrado por un número variable de accións. A continuación dase conta do grao de cumprimento de ditos obxectivos, o que se traduce na porcentaxe de accións acometidas e executadas. Estes datos permitirán apreciar a evolución na materialización do Plan.

Obxectivo Estratéxico (O.E.) 1.1., integrado por varias accións (A1, A2, A3...), grao de cumprimento: 75%

A1. A elaboración dunha axenda anual de actividades extracurriculares non é factible debido ao carácter intrinsecamente non programado da formación extracurricular na súa meirande parte. Non obstante, mantense a periodicidade das actividades formativas que se veñen realizando de xeito continuado.

A2. 100%

A3. 100%

O.E.1.2. 100%

A1. 100%

A2. 100%

O.E. 1.3. 100%

A1. 100%

A.2. 100%

O.E. 1.4. 100%

A1. 100%

A2. 100%

O.E. 1.5. 100%

A1. 100%

A2. 100%

O.E. 2.1. 100%

A1. 100%

A2. 100%

A3. 100%

O.E. 2.2. 100%

A1. 100%

A2. 100%

O.E. 2.3. 100%

A1. 100%

A2. 100%

O.E. 3.1. 75%

A1. 100%

A2. A elaboración dun plan de comunicación destinado a favorecer a participación de empresas e institucións, asociacións e colexios profesionais en eventos organizados polo centro, está pendente de realización.

A3. 100%

O.E. 3.2. 100%

A1. 100%

A2. 100%

O.E. 4.1. 0%

A1 A elaboración dun Plan de Comunicación Externa do centro capaz de proxectar unha imaxe corporativa que xestione a súa reputación, está pendente.

O.E. 4.2. 100%

A1. 100%

O.E. 4.3. 75%

A1.100%

A2. A creación dunha Asociación de Licenciados/as e Graduados/as do centro non será posible debido á política universitaria, en virtude da cal a existencia dunha asociación de exalumnos da USC, con carácter único e integrado, imposibilita a disgregación en asociacións múltiples de egresados.

A3. 100%

Total de obxectivos conseguidos 69,23%

Plan de accións de mellora dos títulos e Plan de accións de mellora do centro

O Sistema de Garantía de Calidade do centro habilita unha serie de encontros periódicos, nomeadamente a través das Comisións de Títulos,

así como da Comisión de Calidade, ou as xuntanzas derivadas da coordinación docente, destinados a reflexionar e valorar os logros e os déficits na marcha anual das ensinanzas impartidas ao amparo deste centro, grazas ao nutrido abano de indicadores que suministra a Área de Calidade da USC, aos que se engaden aqueles outros xestionados polo centro, así como das recomendacións realizadas recentemente pola ACSUG, en virtude da certificación da implantación do SGC. Velaquí en que se concreta o seguimento dos títulos, interno e externo, que determina o SGC. Como resultado deste seguimento procédese a elaborar o plan de accións melloras do centro que inclúe unha miríada de accións destinadas á mellora dos títulos de grao e de máster.

De cara a expoñer o nivel de consecución dos obxectivos formulados ao amparo das distintas accións comprendidas no plan 2019-2020, seguidamente evidenciamos cáles e cantas destas accións foron xa executadas:

Plan de Melloras dos Títulos da Facultade de Ciencias da Comunicación 2019-2020

ID accións: [CAV-01](#), [XOR-01](#), [MUXC-01](#)

Obxectivo Estratéxico: MELLORA DAS PRÁCTICAS DE XESTIÓN, CON ESPECIAL ATENCIÓN A AQUELAS QUE ATINXEN AO ALUMNADO

Indicador: IN19G-Satisfacción dos estudantes coas prácticas externas

Meta: Mellora da información a estudantes sobre o sistema de prácticas.

Estado: Executadas.

ID acción: [XOR-02](#), [XOR-03](#)

Obxectivo estratéxico: MELLORA DAS PRÁCTICAS DE XESTIÓN, CON ESPECIAL ATENCIÓN A AQUELAS QUE ATINXEN AO ALUMNADO

Indicador: IN23G-Satisfacción dos egresados coa información pública dispoñible

Metas: 1. Mellora da información pública. 2. Mellora da Información e apoio dado a estudantes na xornada de acollida

Executadas.

ID acción: [CAV-02](#)

Obxectivo estratéxico: INCREMENTAR E, NO SEU CASO, FORNECER AS RELACIÓNS DE COLABORACIÓN CON OUTRAS UNIVERSIDADES ESPAÑOLAS E ESTRANXEIRAS.

Indicador: IN15G-Satisfacción dos estudantes saíntes cos programas de mobilidade

Meta: Mellora da eficacia formativa do programa de intercambios.

Executada.

ID acción: [CAV-03](#), [XOR-04](#), [DGXC-01](#), [MUXC-02/03/04/05](#)

Obxectivo estratéxico: MELLORA DAS PRÁCTICAS DE XESTIÓN, CON ESPECIAL ATENCIÓN A AQUELAS QUE ATINXEN AO ALUMNADO

Indicador: IN42G/M: Grao de satisfacción xeral dos egresados cos titulación

Meta: Mellora da satisfacción co título

Executadas.

ID acción: [CAV-04/05](#), [XOR-05/06](#), [DGXC-02](#), [MUXC-06](#)

Obxectivo estratéxico: INCREMENTAR E, NO SEU CASO, FORNECER AS RELACIÓNS DE COLABORACIÓN CON OUTRAS UNIVERSIDADES ESPAÑOLAS E ESTRANXEIRAS.

Indicador: IN08G/M- Porcentaxe de estudantes estranxeiros sobre matriculados

IN17G/M- Porcentaxe de estudantes enviados pola USC a programas de mobilidade sobre o total de matriculados

Meta: Mellora da porcentaxe de alumnado estranxeiro.

Incremento da mobilidade saínte.

Executadas.

ID acción: [MUXC-07](#)

Obxectivo estratéxico: MELLORA DAS PRÁCTICAS DE XESTIÓN, CON ESPECIAL ATENCIÓN A AQUELAS QUE ATINXEN AO ALUMNADO

Indicador: IN03M-Matricula de acceso

IN09M- Porcentaxe de estudantes nacionais de fóra de Galicia sobre matriculados

Meta: Mellora da matrícula de acceso e Incremento de estudantes nacionais de fóra de Galicia
Executada.

ID acción: [CAV-06](#)

Obxectivo estratéxico: VINCULAR ALGÚNS DOS INTERESES DO CENTRO AO ÁMBITO EMPRESARIAL E INSTITUCIONAL DESTINATARIO TANTO DOS NÓSOS TITULADOS, COMO DE GRAN PARTE DA NOSA TAREFA INVESTIGADORA (ACTUALIZACIÓN DE EQUIPAMENTO TÉCNICO)

Indicador: IN22G- Porcentaxe de estudantes egresados nun curso académico que ao longo dos seus estudos realizou as prácticas en empresas e institucións

Meta: Incremento de egresados que realizaron prácticas
Executada.

ID acción: [CAV-07](#), [MUXC-08](#)

Obxectivo estratéxico: MELLORA DAS PRÁCTICAS DE XESTIÓN, CON ESPECIAL ATENCIÓN A AQUELAS QUE ATINXEN AO ALUMNADO

Indicador: IN51G/M-Taxa de idoneidade na graduación

Meta: Mellora da taxa de idoneidade na graduación
Executada.

ID acción: [MUXC-09](#)

Obxectivo estratéxico: MELLORA DAS PRÁCTICAS DE XESTIÓN, CON ESPECIAL ATENCIÓN A AQUELAS QUE ATINXEN AO ALUMNADO

Indicador: IN34M-Taxa de rendemento, IN36M-Taxa de avaliación

Meta: Mellora das taxas de rendemento e avaliación
Executada.

Plan de Melloras da Facultade de Ciencias da Comunicación 2019-2020

Obxectivo estratéxico: Mellora das prácticas de xestión

Indicador: IN23G/M-Satisfacción dos egresados coa información pública dispoñible

ID acción: [CC.COM-01 \(2019-2020\)](#)

Meta: Adaptación do manual marco do SGC á Facultade de CC. Comunicación.
Executada.

ID acción: [CC.COM-02 \(2019-2020\)](#)

Meta: Redefinición de obxectivos no plan plurianual
Executada.

ID acción: [CC.COM-03 \(2019-2020\)](#)

Meta: Reforma da estrutura dos procedementos contida no MPSGC.
Executada.

ID acción: [CC.COM-04 \(2019-2020\)](#)

Meta: Revisión de PE-01 Planificación estratéxica.
Executada.

ID acción: [CC.COM-05 \(2019-2020\)](#)

Meta: Revisión de PE-02 Revisión e mellora.
Executada.

ID acción: [CC.COM-06 \(2019-2020\)](#)

Meta: Revisión de PC-01 Análise do perfil de ingreso e captación.
Executada.

ID acción: [CC.COM-07 \(2019-2020\)](#)

Meta: Revisión de PC-02 Planificación das ensinanzas.

ID acción: [CC.COM-08 \(2019-2020\)](#)

Meta: Revisión de PC-03 Apoio a estudantes.

Executada.

ID acción: [CC.COM-09 \(2019-2020\)](#)

Meta: Revisión de PC-04 Desenvolvemento das ensinanzas.

Executada.

ID acción: [CC.COM-10 \(2019-2020\)](#)

Meta: Revisión de PC-05 Análise de resultados e mellora dos programas.

Executada.

ID acción: [CC.COM-11 \(2019-2020\)](#)

Meta: Revisión de PS-01 Xestión dos recursos humanos.

Executada.

ID acción: [CC.COM-12 \(2019-2020\)](#)

Meta: Revisión de PS-02 Xestión dos recursos materiais e servizos

Executada.

ID acción: [CC.COM-13 \(2019-2020\)](#)

Meta: Revisión de PS-03 Xestión documental

Executada.

ID acción: [CC.COM-14 \(2019-2020\)](#)

Meta: Revisión de PS-04 Satisfacción, expectativas e necesidades

Executada

ID acción: [CC.COM-15 \(2019-2020\)](#)

Meta: Revisión de PS-05 Xestión das incidencias (SQR)

Executada.

ID acción: [CC.COM-16 \(2019-2020\)](#)

Meta: Revisión de PS-06 Información pública

Executada.

Vixencia e adecuación dos procesos, procedementos e documentación do SGC.

Con data 30 de xullo de 2019, a ACSUG emitiu o Informe da certificación da Implantación do Sistema de Garantía de Calidade da Facultade de Ciencias da Comunicación. A valoración da Comisión Avaliadora foi FAVORABLE. Tratábase do recoñecemento da adecuación dos procesos, procedementos e documentación do SGC do centro, no cal se recollían, asemade, Recomendacións para a Mellora. Ditas recomendacións foron incorporadas ao Plan de Accións de Mellora do Centro 2019-2020, ao tempo que a CCC procedeu á modificación da documentación do SGC, e á conseguinte adecuación de procesos e procedementos.

A Universidade Santiago de Compostela solicitaría a acreditación institucional da Facultade de Ciencias da Comunicación, de acordo co informe favorable emitido pola Axencia para a Calidade do Sistema Universitario de Galicia. O Consejo de Universidades, en sesión do día 17 de decembro de 2019, declaraba a **Acreditación Institucional** da Facultade de Ciencias da Comunicación. A acreditación Institucional

acadada suponía a inscrición do centro como acreditado no Rexistro de Universidades, Centros e Títulos (RUCT), de forma que todos os títulos universitarios oficiais de Grao e Máster impartidos nesta Facultade incorporaban como data de renovación da acreditación no Rexistro de Universidades, Centros e Títulos, a correspondente á resolución de acreditación institucional ditada polo Consello de Universidades.

Evidencias:

E5 Actas correspondentes ás reunións das comisións antes mencionadas, publicadas na web do centro.

E10-E11 Documentación modificada do SGC na web do centro.

E12 Plans anuais de mellora na web do centro, adxuntos ás Memorias de Calidade.

Adecuación e eficacia dos mecanismos de recollida de información de satisfacción dos grupos de interese.

A información é facilitada, na súa meirande parte, pola Área de Calidade e Mellora dos Procedementos da USC (ACMP), e arroxa os seguintes resultados, afectando aos seguintes grupos de interese:

Nivel de títulos

- **Satisfacción do alumnado coa docencia recibida**
 - **Comunicación Audiovisual (CAV):** evolucionando positivamente dende 2014-2015 (3,67) ata 2019-2020 (3,83).
 - **Xornalismo (XOR):** evolucionando positivamente dende 2014-2015 (3,42) ata 2019-2020 (3,62).
 - **Dobre Grao en Xornalismo e en Comunicación Audiovisual (DGXCAV):** mantense en valores próximos a 4, sendo en 2019-2020: 3,76.
 - **MASTER:** evolucionando positivamente dende 2016-2017 (3,10) ata 2019-2020 (4,77).

- **Taxa de resposta na enquisa de satisfacción do alumnado coa docencia recibida**
 - **CAV:** evolucionando positiva dende ó 40,98 en 2014-2015, si ben en 2019-2020 acusa un descenso, 35,29%.
 - **XOR:** en ascenso dende 2013-2014 (37,47), si ben en 2019-2020 acusa un descenso (33,73).
 - **DGXCAV:** en ascenso dende 2015-2016 (42,86) ata 2018-2019 (71,43), si ben en 2019-2020 prodúcese un descenso significativo 48,94, aínda que probablemente conxuntural.
 - **MASTER:** con altibaixos, así, pasouse do 72,73% en 2016-2017, ao 24% en 2019-2020.

- **Satisfacción do profesorado coa docencia impartida**
 - **CAV:** evolucionando positivamente dende 2014-2015 (3,80) ata 2019-2020 (4,34).
 - **XOR:** evolucionando positivamente dende 2014-2015 (3,73) ata 2019-2020 (4,29).
 - **DGXCAV:** evolucionando positivamente dende 2016-2017 (3,61) ata 2019-2020 (4,34).
 - **MASTER:** evolucionando positivamente dende 2016-2017 (3,66) a 2019-2020 (4,44).

- **Satisfacción dos estudantes saíntes cos programas de mobilidade**
 - **CAV:** evolucionando positivamente dende 2013-2014 (3,78) ata 2018-2019 (3,80), si ben, en 2019-2020 por mor da situación de pandemia, non se dispón de datos.
 - **XOR:** evolucionando positivamente dende 2013-2014 (3,49) ata 2018-2019 (3,89)), si ben, en 2019-2020 por mor da situación de pandemia, non se dispón de datos.
 - **DGXCAV:** non se dispón de datos.
 - **MASTER:** non se dispón de datos.

- **Satisfacción dos estudantes coas prácticas externas**
 - **CAV:** evolucionando positivamente dende 2014-2015 (3,82) ata 2018-2019 (4,11)), si ben, en 2019-2020 por mor da situación de pandemia, non se dispón de datos.
 - **XOR:** manténdose en cifras estables dende 2014-2015 (3,89) ata 2018-2019 (3,83), si ben, en 2019-2020 por mor da situación de pandemia, non se dispón de datos.
 - **DGXCAV:** a Área de Calidade non suministra datos dos dobres graos a este respecto, dado que ao ser as Prácticas unha materia común aos graos e aos dobres graos, a aplicación que se utiliza para o envío de enquisas, a cal recolle os datos de Xescampus, non pode diferenciar a qué titulación das dúas implicadas nos dobres graos, pertence a materia en cuestión.
 - **MASTER:** non se dispón de datos

- Satisfacción dos títulos profesionais coas prácticas externas. Indicador que conta cunha enquisa propia do centro
 - CAV: evolucionando positivamente dende 2014-2015 (3,83) ata 2019-2020 (4,34).

CURSO ACADÉMICO	2018/2019		2019/2020	
Número de Cuestionarios Cubertos	16		19	
Tasa de Resposta	100 %		100 %	
CUESTIONARIO (A valoración está comprendida entre 1 e 5. O 1 representa a cualificación máis baixa e o 5 a máis alta.)	Media Título	Media USC	Media Título	Media USC
Valore a formación inicial de coñecementos teórico-prácticos do alumnado para cumprir coas actividades que lle foron asignadas	3,87	3,85	4,05	
Valore a formación inicial de competencias profesionais do alumnado para cumprir coas actividades que lle foron asignadas.	3,87	3,73	4,05	
Valore o grao de integración do alumnado no medio de traballo.	4,75	4,42	4,47	
Valore o grao de cumprimento por parte do alumnado das actividades asignadas.	4,87	4,53	4,47	
Indique o seu grao de satisfacción xeral relativo á comunicación e coordinación cos/coas responsables académicos/as do título.	4,62	3,95	4,47	
Indique o seu grao de satisfacción xeral coa práctica realizada polo alumnado.	4,69	4,40	4,53	
Grao de Satisfacción	4,44	4,15	4,34	

- XOR: en ascenso dende 2015-2016 (3,50) ata 2019-2020.

CURSO ACADÉMICO	2018/2019		2019/2020	
Número de Cuestionarios Cubertos	94		80	
Tasa de Resposta	90,38%		100%	
CUESTIONARIO (A valoración está comprendida entre 1 e 5. O 1 representa a cualificación máis baixa e o 5 a máis alta.)	Media Título	Media USC	Media Título	Media USC
Valore a formación inicial de coñecementos teórico-prácticos do alumnado para cumprir coas actividades que lle foron asignadas	3,67	3,85	3,92	
Valore a formación inicial de competencias profesionais do alumnado para cumprir coas actividades que lle foron asignadas.	3,71	3,73	3,87	
Valore o grao de integración do alumnado no medio de traballo.	4,67	4,42	4,70	
Valore o grao de cumprimento por parte do alumnado das actividades asignadas.	4,67	4,53	4,71	
Indique o seu grao de satisfacción xeral relativo á comunicación e coordinación cos/coas responsables académicos/as do título.	4,37	3,95	4,55	
Indique o seu grao de satisfacción xeral coa práctica realizada polo alumnado.	4,56	4,40	4,66	
Grao de Satisfacción	4,27	4,15	4,40	

- DGXCAV: Dispoñemos de datos dende 2018-2019 (4,26) a 2019-2020 (4,36).

CURSO ACADÉMICO	2018/2019		2019/2020	
Número de Cuestionarios Cubertos	15		6	
Tasa de Resposta	100%		100%	
CUESTIONARIO (A valoración está comprendida entre 1 e 5. O 1 representa a cualificación máis baixa e o 5 a máis alta.)	Media Título	Media USC	Media Título	Media USC
Valore a formación inicial de coñecementos teórico-prácticos do alumnado para cumprir coas actividades que lle foron asignadas	3,66	3,85	3,50	
Valore a formación inicial de competencias profesionais do alumnado para cumprir coas actividades que lle foron asignadas.	3,73	3,73	3,50	
Valore o grao de integración do alumnado no medio de traballo.	4,66	4,42	5,00	
Valore o grao de cumprimento por parte do alumnado das actividades asignadas.	4,73	4,53	5,00	
Indique o seu grao de satisfacción xeral relativo á comunicación e coordinación cos/coas responsables académicos/as do título.	4,20	3,95	4,50	
Indique o seu grao de satisfacción xeral coa práctica realizada polo alumnado.	4,60	4,40	4,67	
Grao de Satisfacción	4,26	4,15	4,36	

- MASTER: non se dispón de datos.
- Satisfacción dos títulos académicos coas prácticas externas
 - CAV: evolucionando positivamente dende 2015-2016 (4,60) ata 2017-2018 (5), si ben, debido á situación de pandemia, non houbo resposta en 2019-2020.
 - XOR: evolucionando positivamente dende 2015-2016 (4,60) ata 2017-2018 (5), si ben, debido á situación de pandemia, non houbo resposta en 2019-2020.
 - DGXCAV: a Área de Calidade non suministra datos dos dobres graos a este respecto, dado que ao ser as Prácticas unha materia común aos graos e aos dobres graos, a aplicación que se utiliza para o envío de enquisas, a cal recolle os datos de Xescampus, non pode diferenciar a qué titulación das dúas implicadas nos dobres graos, pertence a materia en cuestión.
 - MASTER: non se dispón de datos.
- Satisfacción co TFG. Indicador que conta cunha enquisa propia do centro
 - CAV:

CURSO ACADÉMICO	2017/2018	2018/2019	2019/2020
Número de Cuestionarios Cubertos	15	28	9
Tasa de Resposta	36,59%	56,00%	20,45%
CUESTIONARIO - Escala de valoración desde 1 (Moi en desacordo) ata 5 (Moi de acordo)	Media do Título		
A información xeral recibida, procedente do centro, sobre o TFG foi axeitada	3,00	3,18	2,22
A guía do TFG do centro resulta de utilidade	3,47	3,33	2,22
O/a titor/a orientoute e axudouche no proceso de planificación e desenvolvemento do TFG	4,26	3,96	3,77
En xeral, estás satisfeita/o coa titorización	4,20	3,79	4,00
A elaboración do TFG contribuíu á túa formación	4,20	4,25	4,22
Consideras que o TFG merece o recoñecemento de créditos que ten?	3,60	3,79	4,00
Grao de Satisfacción co TFG	3,78	3,72	3,40

○ XOR:

CURSO ACADÉMICO	2017/2018	2018/2019	2019/2020
Número de Cuestionarios Cubertos	32	51	19
Tasa de Resposta	36,78%	63,75%	21,11%
CUESTIONARIO - Escala de valoración desde 1 (Moi en desacordo) ata 5 (Moi de acordo)	Media do Título		
A información xeral recibida, procedente do centro, sobre o TFG foi axeitada	2,18	2,64	2,74
A guía do TFG do centro resulta de utilidade	2,43	2,74	2,68
O/a titor/a orientoute e axudouche no proceso de planificación e desenvolvemento do TFG	3,37	3,43	3,74
En xeral, estás satisfeita/o coa titorización	3,31	3,51	3,68
A elaboración do TFG contribuiu á túa formación	3,75	3,92	4,10
Consideras que o TFG merece o recoñecemento de créditos que ten?	4,28	4,25	3,79
Grao de Satisfacción co TFG	3,22	3,41	3,45

- DGXCAV: 1 resposta (20%). Grao de satisfacción: 1,33
- **Grao de satisfacción xeral dos egresados coa titulación**
 - CAV: evolucionando positivamente dende 2014-2015 (2,64) ata 2018-2019 (3,54), aínda que sin resposta en 2019-2020 por mor da situación de pandemia.
 - XOR: evolucionando positivamente dende 2014-2015 (2,65) ata 2018-2019 (3,11), aínda que sin resposta en 2019-2020 por mor da situación de pandemia.
 - DGXCAV: Sin resposta.
 - MASTER: Sin resposta.
- **Satisfacción dos egresados coa información pública dispoñible**
 - CAV: evolucionando positivamente dende 2014-2015 (2,12) ata 2017-2018 (3,29) , aínda que sin resposta en 2019-2020 por mor da situación de pandemia.
 - XOR: evolucionando moderadamente dende 2014-2015 (2,52) ata 2017-2018 (2,64) aínda que sin resposta en 2019-2020 por mor da situación de pandemia.
 - DGXCAV: Sin resposta.
 - MASTER: en ascenso moderado, 2,40 en 2017-2018 e 2,80 en 2018-2019, aínda que sin resposta en 2019-2020.
- **Grao de satisfacción dos egresados cos servizos**
 - CAV: evolucionando positivamente dende 2014-2015 (3,27) ata 2018-2019 (4,05), aínda que sin resposta en 2019-2020 por mor da situación de pandemia.
 - XOR: evolucionando positivamente dende 2014-2015 (3,33) ata 2018-2019 (4,00), aínda que sin resposta en 2019-2020 por mor da situación de pandemia.
 - DGXCAV: sin resposta.
 - MASTER: en ascenso moderado, 2,33 en 2017-2018 e 2,67 en 2018-2019, aínda que sin resposta en 2019-2020.

Nivel de centro

- **Satisfacción dos estudantes entrantes cos programas de mobilidade**
 - A valoración media sempre foi elevada, dende 2013-2014 (4,20), si ben, descende en 2018-2019 (2,69) e non se obtén resposta, por mor da situación de pandemai, en 2019-2020.
- **Grao de satisfacción do PDI coas actividades formativas**

- A valoración media é elevada, estando por enriba de 4, dende 2014-2015 (4,44), ata 2019-2020 (4,46), cun índice de participación do 49,79%.
- **Grao de satisfacción do PAS co traballo desenvolvido**
 - A valoración evoluciona positivamente dende 2014-2015 (3,64) a 2019-202 (4,50)

Evidencias: Dado que neste epígrafe acometemos a análise das enquisas de satisfacción, constitúe en si mesmo a **E13**; o cal se leva a cabo en atención aos indicadores **I4**. Resultados das enquisas de satisfacción e **I5**. Resultados dos indicadores do SGC.

Adecuación e eficacia dos mecanismos de recollida de información de queixas, reclamacións, suxestións.

Tal como informa a Oficina de Análise de Reclamacións (**OAR**) da USC, os resultados relativos a queixas, reclamacións, suxestións, con respecto ao centro, son os que siguen:

- **Número de recursos resoltos por centro:** Facultade de Ciencias da Comunicación, 1.
- **Número de recursos por centro:** Facultade de Ciencias da Comunicación, 2.
 - 1 Grao en Comunicación Audiovisual
 - 1 Grao en Xornalismo
- **Temática dos recursos presentados en cada centro e titulación:**

Grao en CAV: Recoñecemento de estudos
Grao en Xor: Revisión de cualificacións
- **Tipos de resolución aos recursos por titulación:**

Grao en CAV 1: Inadmitido
Grao en Xor 1: Parcialmente estimado
- **Reclamacións nos procesos de xestión académica, por centro:** Facultade de Ciencias da Comunicación, 3.
- **Número de reclamacións por centro:** 3, desagregadas por título e temática das mesmas arrojan o seguinte resultado,

Dobre Grao. 1 Docencia
Grao en Comunicación Audiovisual. 1 Tarxeta TUI
Máster. 1 Docencia
- **Tipo de resposta dada ás reclamacións:**

Dobre Grao (A) arquivada
Grao en CAV (E) estimada
Máster (D) desestimada

Á vista das cifras que ofrece a OAR, pode apreciarse que o centro encóntrase en valores moi baixos polo que ao capítulo de recursos e reclamacións se refire.

Polo que atinxe ás queixas, reclamacións e suxestións cursadas por distintos colectivos no **Centro** no curso que nos ocupa, velaquí os resultados:

- **Reclamacións:** 3, por cualificacións.

Grao en Xornalismo: 1 estimada
Grao en Comunicación Audiovisual: 2 desestimadas

Adecuación e eficacia dos mecanismos de recollida de información das expectativas dos grupos de interese.

A Facultade de Ciencias da Comunicación utiliza os seguintes mecanismos de recollida de información procedente dos distintos grupos de interese:

- o **Alumnado titor:** entre as súas funcións inclúese a recollida de opinións e suxestións sobre o funcionamento do centro e dos títulos, o que inclúe ás prácticas externas, procedente do alumnado dos títulos de grao e de máster, tal como se aprecia na web do centro.
- o **Enquisas de satisfacción** elaboradas pola Área de Calidade e Mellora dos Procedementos, así como aquelas outras que elabora a Facultade de Ciencias da Comunicación, das cales se deu conta anteriormente: permiten á súa vez a sistematización de Informes nos que se poden advelir as diferentes expectativas dos grupos de interese (Estudiantado, Profesorado, P.A.S., Empresas e Institucións) <https://www.usc.gal/gl/servizos/calidade/satisfacciongrupos.html>
[Enquisas de satisfacción | Facultade de Ciencias da Comunicación | Universidade de Santiago de Compostela \(usc.gal\)](#)
- o Presenza na web do centro dun **Buzón de recollida de opinións e suxestións online**, destinado a tódolos grupos de interese https://www.usc.gal/gl/centros/cc_comunicacion/suxestions.html
- o A Facultade, a través da **Coordinación docente** dos títulos, realiza un labor de detección de queixas e suxestións procedentes dos delegados de curso, que se expoñen á súa vez nas reunións de coordinación docente (2 mínimo por cuatrimestre) e, de selo caso, trasládanse á comisión de título correspondente ou ben á Comisión de Calidade. A coordinación docente encárgase, asemade, daquelas actividades premiadas do noso alumnado fóra do centro, o que nutre unha sección da nosa web https://www.usc.gal/gl/centros/cc_comunicacion/Prensa.html, co obxectivo de servir de exponente, en especial, ao grupo de interese Empresas e Institucións, dos resultados do labor de formación maillo talento do alumnado dos títulos.
- o O mantemento dunha estreita relación co sector profesional e coas institucións, futuros empregadoress dos egresados dos títulos, recóllese asemade na web do centro, en concreto nas seccións 1. **Actividades da Facultade**, https://www.usc.gal/gl/centros/cc_comunicacion/imaxes/Act1920.html?action=detail&image=1, e na sección 2. **Colaboración Facultade-Empresas** https://www.usc.gal/gl/centros/cc_comunicacion/Captacion.html na que se da conta de todos aqueles eventos que, en colaboración co citado grupo de interese, se destinan á orientación profesional do alumnado e ao engarce dos intereses deste amplo mercado laboral cos intereses formativos dos títulos.

Directriz 2. Deseño, revisión periódica e mellora dos programas formativos

Estándar: O centro ten implantados procedementos para o deseño, a aprobación a revisión periódica dos seus programas formativos (verificación, seguimento, modificación e renovación da acreditación dos títulos oficiais), e se procede da súa extinción. Estas revisións deben conducir á mellora continua de todos os títulos.

Aspectos a contemplar:

- Evidencias claras e continuas da adecuación dos procedementos relacionados co deseño, a revisión, a mellora e, se procede, a extinción (garantías do alumnado en caso de que se produza a extinción ou suspensión dunha titulación e facelo público) dos programas formativos.
- Análise das accións desenvolvidas sobre o deseño, revisión periódica e mellora dos programas formativos
 - cumprimento do incluído nas memorias verificadas para facilitar a implantación de modificacións no seu caso e atender ao ciclo de garantía externa das titulacións, en canto a seguimento e renovación da acreditación se refire:
 - cumprimento de guías docentes;
 - procedementos de coordinación,
 - análise do perfil real de ingreso/egreso,
 - análise de que os titulados acadan os resultados de aprendizaxe previstos na memoria.
 - Información sobre satisfacción, necesidades e expectativas, queixas e suxestións dos grupos de interese relativos ao conxunto da titulación (os relativos ao proceso de ensino/aprendizaxe analízanse na Directriz 3).

Reflexión/comentarios que xustifiquen a valoración:

Sobre as evidencias claras e continuas da adecuación dos procedementos relacionados co deseño, a revisión, a mellora e, se procede, a extinción (garantías do alumnado en caso de que se produza a extinción ou suspensión dunha titulación e facelo público) dos programas formativos:

- Aportamos como **Evidencia 5** as actas das reunións celebradas nos 5 últimos cursos (2016-2021), das Comisións Académica e de TFG, Académica de Máster e Comisión de Garantía de Calidade. Nas citadas actas poden apreciarse os procedementos relativos á revisión e á mellora dos programas formativos que, ao longo de cada curso académico, se levan a cabo. https://www.usc.gal/gl/centros/cc_comunicacion/calidade.html
- Análise das accións desenvolvidas sobre o deseño, revisión periódica e mellora dos programas formativos:

Cumprimento do incluído nas memorias verificadas dos títulos:

De cara a acreditar este cumprimento no caso dos títulos que a continuación se relacionan, aportamos a Evidencia 1. Memoria vixente dos títulos.

- Grao en Comunicación Audiovisual:

http://www.usc.es/gl/centros/cc_comunicacion/titulacions.html?plan=12690&estudio=12691&codEstudio=12299&valor=9

- Grao en Xornalismo:

http://www.usc.es/gl/centros/cc_comunicacion/titulacions.html?plan=12670&estudio=12671&codEstudio=12279&valor=9

- Máster Universitario en Xornalismo e Comunicación:

http://www.usc.es/gl/servizos/sxopra/0324_memorias_master_USC

- Dobre Grao en Xornalismo e en Comunicación Audiovisual:

Evidencia: Información do título

[Dobre Grao en Xornalismo e en Comunicación Audiovisual | Universidade de Santiago de Compostela \(usc.gal\)](#)

En atención ao ciclo de garantía externa das titulacións, en especial no que atinxe ao seu seguimento, cabe advertir pola nosa parte que os plans de estudos que corresponden aos títulos de grao e ao título de máster arriba mencionados, veñen desenvolvéndose conforme ao previsto, seguindo a oferta de módulos e materias contemplada previamente na memoria verificada correspondente (2013 títulos de grao; 2016 máster). Non obstante, as Comisións Académica e de TFG, e de Máster, advirten en 2018-2019 da necesidade de acometer modificacións nas memorias verificadas dos títulos de grao e máster, o que afectará ao dobre grao, desenvolvidos no centro, de cara a actualizar e mellorar os Indicadores de Resultados, e a mellorar e a actualizar materias respostando ás recentes transformacións do mercado laboral ao que, potencialmente, teñen acceso os egresados dos títulos; por todo o anterior, promóvese dende 2019 polo decano do centro e respectivos coordinadores de títulos, a revisión e actualización das citadas memorias de verificación vixentes dende hai practicamente 1 década, na súa meirande parte.

A coordinación docente do Grao en Xornalismo, amosa os resultados das consultas realizadas en 2019-2020 coa finalidade de actualizar a oferta docente do título. Tales consultas constan na última modificación da memoria verificada do título:

Procedimientos de consulta internos

La propuesta de título de grado en Periodismo ha sido realizada por una comisión designada por la Comisión del Título (Comisión Académica y de TFG) delegada de la Junta de Facultad de Ciencias de la Comunicación en la que están representados la dirección de la Facultad, el director del único Departamento adscrito al Centro, profesores funcionarios y profesores contratados.

La Comisión actuó para integrar la estructura del grado en Periodismo a la normativa del Ministerio y de la propia USC. Para realizar la propuesta de actualización del título de grado se mantuvieron reuniones abiertas con el profesorado del Departamento de Ciencias de la Comunicación, con representantes del alumnado y con el personal de administración y servicios (PAS).

También se atendieron las peticiones nominales de información sobre el proyecto y se aportaron a la comisión las sugerencias que los miembros de la comunidad universitaria expresaron sobre la orientación de los contenidos del Plan.

Procedimientos de consulta externos

Antes de la aprobación definitiva del borrador para su exposición pública a la comunidad universitaria se mantuvieron reuniones informativas con agrupaciones profesionales y de investigación del periodismo, entre ellas, el Colegio Profesional de Periodistas de Galicia, la Asociación de Periodistas de Santiago de Compostela, la Asociación de Directivos de Comunicación, la Asociación Galega de Investigadores da Comunicación y la Asociación Española de Investigadores en Comunicación. También fueron consultados varios directivos y responsables de medios de comunicación en que el alumnado realiza prácticas (Corporación Radio e Televisión de Galicia, SER, ABC...) y el alumnado egresado.

Se han consultado, además, los planes de estudio vigentes en otras Universidades españolas: Universitat Autònoma de Barcelona, Universidad

Complutense de Madrid, Universidad Carlos III de Madrid, Universitat Jaume I, Universidad de Málaga, Universidad de Sevilla y Universidad del País Vasco.

Coordinación do Grao en Comunicación Audiovisual

Informe

Consultas realizadas a diferentes colectivos:

De manera presencial, se mantuvieron reuniones consultivas con los diferentes sectores académicos, profesionales y sociales que habían podido aportar sus diversas experiencias y competencias, con motivo de mejorar la oferta formativa del Grado en Comunicación Audiovisual:

1. PROFESIONALES DEL SECTOR AUDIOVISUAL GALLEGO Y LAS ASOCIACIONES QUE LOS AGLUTINAN: un apoyo que juzgamos esencial hacia la convergencia del potencial formativo con las necesidades del sector.

- AGAG (Asociación Sindical Galega de Guionistas) <https://www.facebook.com/Agaguionistas/>
- AGAPI (Asociación Galega de Productoras Independentes) www.agapi.org
- AGAV (Academica Galega do Audiovisual) <https://www.academiagalegadoaudiovisual.gal/es/>
- AGADIC (Axencia Galega das Industrias Culturais) <http://www.agadic.gal/>
- CLAG (Cluster Audiovisual Galego) www.clusteraudiovisualgalego.com
- CREA (Directores e Realizadores Asociados de Galicia) Asociación de Directores y Realizadores de Galicia

<http://www.crea.gal/>

- CRTVG (Compañía de RadioTelevisión de Galicia) <http://www.crtvg.es/>

- SGAE (Sociedad General de Autores y Editores) <http://www.sgae.es/es-ES/SitePages/corp-contacto-ct-galicia.aspx>

Anteproyecto de memoria para la verificación del Grado en Comunicación Audiovisual

2. PROFESORADO CON VINCULACIÓN PERMANENTE A LA USC: imprescindible a la hora de favorecer un diseño académico, coherente y riguroso de los estudios de Grado, manteniendo el equilibrio preciso entre los enfoques teóricos y prácticos de la formación compleja que anhelamos para lo nuevo Grado en Comunicación Audiovisual.

3. PROFESORADO ASOCIADO A LA USC: un perfil que, por mor de su doble condición profesional y académica, permite una visión inestimable de cara a implementar las necesidades del sector en el campo académico, elevando la excelencia de los laboratorios y la competencia práctica de nuestro alumnado.

4. ALUMNADO MATRICULADO Y EGRESADO DEL GRADO EN COMUNICACIÓN AUDIOVISUAL Y DEL DOBLE GRADO EN PERIODISMO Y COMUNICACIÓN AUDIOVISUAL: que, bajo la coordinación de las alumnas tutoras y de las/los delegadas/los de curso, mostró su madurez en el aislamiento de aquellas fuerzas y debilidades del Plan de Estudios actualmente vigente y del itinerario trazado entre las titulaciones de Periodismo y Comunicación Audiovisual, en el caso del Doble Grado.

Cumprimento de guías docentes (Directriz 2) / Metodoloxía de ensinanza e avaliación da aprendizaxe (Adianto da Directriz 3):

As prácticas docentes que recollen as citadas guías veñen plasmándose conforme a metodoloxías, obxectivos, propostas de aprendizaxe, organización e xerarquización de competencias, así como a sistemas de avaliación inspirados todos eles nas memorias de verificación vixentes correspondentes aos diferentes títulos. É por iso que, en aplicación do disposto no *PC-02 Planificación das Ensinanzas*, todas as materias impartidas nos títulos teñen asignado un coordinador responsable da programación docente. Esta programación realízase seguindo o modelo da guía docente que, a nivel institucional, ven adoitando a Universidade de Santiago de Compostela e que, no caso dos nosos títulos, inclúe a seguinte información, cujos diferentes epígrafes abaixo se especifican:

(Evidencia 4: Guías docentes)

Grado en Comunicación Audiovisual

[Grado en Comunicación Audiovisual | Universidade de Santiago de Compostela \(usc.gal\)](http://usc.gal)

Grado en Xornalismo

[Grado en Xornalismo | Universidade de Santiago de Compostela \(usc.gal\)](http://usc.gal)

Dobre Grado en Xornalismo e en Comunicación Audiovisual

[Dobre Grado en Xornalismo e en Comunicación Audiovisual | Universidade de Santiago de Compostela \(usc.gal\)](http://usc.gal)

Máster Universitario en Xornalismo e Comunicación

Máster Universitario en Xornalismo e Comunicación: Novas Tendencias en Producción, Xestión e Difusión do Coñecemento | Universidade de Santiago de Compostela (usc.gal)

- Obxectivos e contidos da materia,
- Linguas de impartición,
- Características da materia en canto a número de créditos, distribución teórico-práctica, actividades formativas,
- Competencias,
- **Metodoloxía docente,**
- **Sistema de avaliación da aprendizaxe,**
- Tempo de dedicación estimado,
- Bibliografía e fontes de referencia,
- Recomendacións e observacións de interese para o alumnado.

Metodoloxías de ensinanza e Sistemas de Avaliación da aprendizaxe - Directriz 3:

Como se pode observar, as guías docentes contemplan unha exposición sucinta das metodoloxías docentes ou de ensinanza, ao tempo que dos sistemas de avaliación da aprendizaxe, todos eles desenvolvidos en atención ao contemplado nas Memorias Verificadas vixentes dos correspondentes títulos.

Procedementos de coordinación:

As comisións Académica e de TFG (E5. Actas) https://www.usc.gal/export9/sites/webinstitucional/ql/centros/cc_comunicacion/descargas/Acta-Comision-academica-e-TFG-25-06-2019.pdf, e Académica de máster https://www.usc.gal/export9/sites/webinstitucional/ql/centros/cc_comunicacion/descargas/Acta-5-Comision-Master-26.06.2019.pdf,

supervisan a programación docente de cada materia, aconsellando no seu caso modificacións dos programas ou guías docentes destinadas a desenvolverse no curso entrante. Son as comisións dos títulos as que comprobán, nos meses de maio-xuño, que dita programación se adapta ao plan de estudos vixente e á memoria verificada da titulación, en cada caso. Os coordinadores dos títulos trasladan á comisión correspondente os resultados da supervisión dos programas formativos e da aplicación dos sistemas de avaliación, asistidos polos coordinadores de curso e polos delegados de curso do estudantado da titulación. No caso do mestrado, é o representante do alumnado na Comisión quen realiza o labor equivalente aos delegados de curso. Asemade, debe destacarse o labor a este respecto do alumnado titor.

Adxúntase a relación de reunións de coordinación propostas pola coordinación dos títulos e mailo equipo decanal durante o curso 2019-2020 motivadas pola pandemia. Igualmente, apórtase a relación de reunións da Comisión Académica e de TFG nas que se aborda a coordinación docente dos títulos de grao e o dobre grao:

1. Data: Luns, 13 de abril ás 16:00h

Plataforma: Teams (Equipo decanato-alumnado)

Asunto: Facer un seguemento da docencia online e resolver dúbidas ante os problemas

Cabe sinalar a propósito da **Biblioteca** do centro que esta conta con 880 m2 de uso público, repartidos en dous espazos que ofrecen 196 postos de lectura. Así mesmo, tanto as 2 salas centrais de estudo, como as dúas salas de traballo colectivo, permiten o acceso directo aos fondos hemerográficos, monográficos e filmicos da nosa colección viva. A mediateca conta con 4 cabinas equipadas con reprodutores para VHS e DVD, 8 cabinas con acceso a Internet, 1 das cales se destina a campañas solidarias, isto é, ao rexistro de horas de estudo en maratóns solidarios organizados dende a Oficina de Voluntariado da USC. Por último, a biblioteca conta cunha sala de uso restrinxido para PDI e doutorandos, na que se atopan os principais fondos hemerográficos de investigación, así como a colección bibliográfica especializada Pillado.

No que atinxe non só aos fondos bibliográficos, senón tamén ao fondos hemerográficos e aos fondos audiovisuais, no enlace que se adxunta pode encontrarse a relación precisa de todos eles:

<http://www.usc.es/gl/servizos/biblioteca/busc/centros/comunicacion/colecciones.html>.

A Biblioteca da Facultade de Ciencias da Comunicación, en tanto integrante de BUSC, ofrece un servizo de acceso a libros en formato electrónico a través da súa plataforma PRELO <http://sp.buq Galicia.org/san/subjects/quide.php?subject=prelo>, que dá acceso aos libros licenciados polos centros ofertados polo mundo editorial e que se complementan na nosa colección de recursos electrónicos co fondo, tamén licenciado, a través do buscador PÓRTICO, onde se pode atopar todo tipo de recursos electrónicos.

Por último, debe considerarse que a propia deriva das publicacións periódicas nos ámbitos disciplinares da comunicación audiovisual e do xornalismo, cara os soportes electrónicos (versións *on line*), fan menos necesario que outrora manter subscricións impresas custosas. Por isto, deben considerarse outros fondos que a comunidade universitaria pode consultar en rede, adquiridos a través do Consorcio Interuniversitario do Sistema Universitario de Galicia (CISUG) <http://www.buq Galicia.org/>, os cales representan unha boa parte das nosas adquisicións en forma de subscricións anuais (en torno ao 10% do total).

Debemos facer referencia á **Fonoteca da Universidade**, cuxa sede se encontra no centro, ao tempo que ao **SERVIMAV**, Servizo de Medios Audiovisuais destinado a elaborar documentos didácticos, fundamentalmente, que serven de apoio á docencia e á investigación, ao tempo que custodia fondos audiovisuais da USC.

O alumnado tamén dispón de **Sala Wifi**: un espazo aberto, próximo ao aulario, dotado con mobiliario (mesas e cadeiras) e varios puntos de conexión á rede eléctrica, no cal se reúnen os estudantes sobre todo para desenvolver traballos conxuntos. Asemade, o centro dispón dunha **Aula de uso común** (aula 4), equipada con microondas e sillóns para o estudiantado que precise dun espazo do esparcemento para realizar algunha das comidas do día.

En suma, os recursos materiais postos a disposición da comunidade universitaria son os axeitados, dada a natureza dos títulos –xa se fixo referencia á carga de horas interactivas como proba do carácter técnico (experimental), en boa medida,

destas ensinanzas– e dada tamén a súa modalidade presencial, o que obriga a dispoñer de espazos físicos para o desenvolvemento de tales ensinanzas. Ademais do cal, a USC ofrece unha plataforma destinada á realización de reunións, titorías e docencia virtual online en tempo real, **MTeams**, e complementariamente un **Campus Virtual (E22. Materiais didácticos e/ou tecnolóxicos que permitan unha aprendizaxe a distancia)** que posibilita, a través das súas aulas virtuais, establecer unha relación formativa docente/discente non presencial, complementaria ás clases expositivas e ás clases interactivas de carácter presencial, a fin de facilitar ao alumnado información sobre tarefas, recepción de traballos, organización de foros, notificacións, avisos, organización de axendas de traballo, envío de material bibliográfico, audiovisual, gráfico, envío de probas de avaliación, etc. Todo o cal palía a dependencia con respecto ao centro por parte do alumnado no desenvolvemento da súa aprendizaxe.

En canto ao **equipamento informático e ao material técnico** co que contan os títulos, a dependencia dos mesmos é elevada, en especial no caso das ensinanzas con horas interactivas, si ben isto tamén é aplicable a esas outras, de carácter expositivo, no marco das cales precisanse mostras de vídeo e de audio de cara a analizar, ilustrar, esclarecer, etc., planteamentos teóricos e/ou analíticos. Debe destacarse a esixida calidade do equipamento informático e do material técnico, debido á necesidade de utilizar estándares profesionais.

O número de ordenadores conectados á rede destinados á docencia é o que se detalla máis abaixo; así mesmo detállase o número de ordenadores conectados á rede de uso non docente, a esta cifra debe engadirse o número de terminais portátiles que utiliza de modo particular o PDI e o propio alumnado; todo o cal permite falar dunha elevada dotación en canto a dispositivos informáticos, en sintonía coa dependencia que as actuais ensinanzas/aprendizaxes manifestan destes dispositivos. Debe destacarse, finalmente, que o aulario dispón de terminais informáticas, acceso remoto a proxectores de vídeo, equipos de son HD e acceso a Internet.

Curso 2018-2019

Ordenadores destinados á docencia:

- Aulas 0 – 8: 1 ordenador por aula (9)
 - Aula de Informática 1: (21)
 - Aula de Informática 2: (29)
 - Aula de Informática 3: (33)
 - Aula de Informática 5: (22)
 - Aula de Informática 6: (26)
 - Portátiles para PDI: (6)
- TOTAL: 146

Ordenadores destinados a uso non docente:

- Portátiles de préstamo para o alumnado: (14)

Curso 2019-2020

Ordenadores destinados á docencia:

- Aulas 0 – 8: 1 ordenador por aula (9)
 - Aula de Informática 1: **17**
 - Aula de Informática 2: **19**
 - Aula de Informática 3: **32**
 - Aula de Informática 5: **23**
 - Aula de Informática 6: (26)
 - Portátiles para PDI: **8**
- TOTAL: **134**

Ordenadores destinados a uso non docente:

- Portátiles de préstamo para o alumnado: **9**

O descenso que se aprecia no material informático débese a que, con máis frecuencia, a comunidade universitaria dispón dos seus propios terminais.

Detección de necesidades de novos recursos ou servizos

Coincidindo co proceso clave *PC-02 Planificación das ensinanzas*, o equipo decanal identifica as necesidades de recursos materiais, determinando aquelas que debe cubrir con cargo ao seu orzamento, fronte aquelas que debe comunicar aos servizos centrais para a súa tramitación –a deferenciación dependerá, esencialmente, da cuantía do gasto. Ditas necesidades téñense en conta nos procesos estratéxicos do Sistema de Garantía de Calidade (*PE-02 Revisión e mellora*), na medida en que sexan susceptibles de integrar o Plan de Accións de Mellora anual, e supoñan gastos a realizar de xeito centralizado sen cabida no orzamento previsto.

Polo demais, a planificación dos recursos materiais é abordada no marco do proceso *P02-Revisión e mellora*: ao fin da elaboración da Memoria de Calidade do Centro (MCC), a Comisión de Calidade (CCC) realiza unha valoración dos recursos materiais, tendo en conta especialmente os compromisos incluídos nas memorias de verificación de título relativos a recursos e infraestruturas. Tamén se teñen en conta, de selo caso, as recomendacións xurdidas dos procesos de verificación, seguimento, modificación e acreditación dos títulos que se imparten no centro.

Ao finalizar o ano, o decano presenta na Xunta de Facultade (tal como se recolle en acta) unha Memoria de execución do orzamento do centro, na que se dá conta do gasto realizado por conceptos; sendo, principalmente, recursos e mellora de infraestruturas os conceptos nos que se realiza a meirande parte do gasto.

Prácticas externas, as instalacións onde se realizan son adecuadas para a adquisición das competencias

As instalacións daqueles centros empresariais e institucionais que manteñen activos os seus convenios de prácticas coa Facultade de Ciencias da Comunicación son axeitadas, a xulgar polos resultados das enquisas dos estudantes, e considerando que cada convenio se estudia con detenemento e se visita, in situ, as sedes ás que se destinan os estudantes. Ditos convenios aparecen referenciados na web da Facultade (*E20 Listado de centros e entidades para a realización de prácticas externas curriculares e extracurriculares*) http://www.usc.es/export9/sites/webinstitucional/gl/centros/cc_comunicacion/descargas/RELACION-EMPRESAS-PRACTICAS.pdf. Así como a distribución do alumnado por centro de prácticas I11 (Distribución de alumnado por centro de prácticas).

Indicadores de satisfacción, queixas e suxestións relativos aos recursos materiais e os servizos.

Diferentes enquisas de satisfacción, destinadas a diferentes grupos de interese, conteñen datos sobre recursos materiais e servizos, como se indica a continuación. Advirtase que non reproducimos as Enquisas de satisfacción coa docencia recibida, nin as Enquisas de satisfacción coa docencia impartida, no que atinxe ós ítemes relativos a recursos e infraestruturas, dado que demos conta deles anteriormente. Reprodúcense, logo, aqueles indicadores que non se exploraron nesta Memoria con anterioridade:

Grao en Comunicación Audiovisual

Sen resposta debido á pandemia.

Código	IN33G
Nome	Grao de satisfacción dos egresados cos servizos
Procedemento de Cálculo	Valoración media das preguntas relativas á satisfacción cos servizos da enquisa de egresados. Permite coñecer a opinión dese grupo de interese sobre a xestión dos servizos dispoñibles.

	2014-15	2015-16	2016-17	2017-18	2018-19	2019-20
Total	3,27	3,08	3,77	3,64	4,05	-

Grao en Xornalismo

Sen resposta debido á pandemia.

Código	IN33G
Nome	Grao de satisfacción dos egresados egresados cos servizos
Procedemento de Cálculo	Valoración media das preguntas relativas á satisfacción cos servizos da enquisa de egresados egresados . Permite coñecer a opinión dese grupo de interese sobre a xestión dos servizos dispoñibles.

	2014-15	2015-16	2016-17	2017-18	2018-19	2019-20
Total	3,33	3,60	3,62	3,72	4,00	-

Máster

Sen resposta debido á pandemia.

Código	IN33M
Nome	Grao de satisfacción dos egresados egresados cos servizos
Procedemento de Cálculo	Valoración media das preguntas relativas á satisfacción cos servizos da enquisa de egresados egresados . Permite coñecer a opinión dese grupo de interese sobre a xestión dos servizos dispoñibles.

	2014-15	2015-16	2016-17	2017-18	2018-19	2019-20
Total	-	-	-	2,33	2,67	-

Directriz 6. Información pública

Estándar: o centro debe ter implantados procedementos que lle permitan publicar información relevante, actualizada, clara, precisa, obxectiva e accesible relativa ao desenvolvemento das súas ensinanzas, conxuntamente cos resultados e indicadores vinculados ao seguimento e acreditación dos seus títulos..

Aspectos a contemplar:

- Evidencias claras e continuas da adecuación dos procedementos relacionados coa información pública.
 - Recollida, análise e utilización da información.
 - Publicación da información
 - Medida da eficacia, utilidade e satisfacción coa información pública.

Reflexión/comentarios que xustifiquen a valoración:

Recollida, análise e utilización da información

Publicación da información

Tal como se plasma en *PS-06 Información pública*, anualmente as comisións Académica e de TFG, e Académica de máster, son as responsables de revisar e analizar se a información pública dos títulos está actualizada e cumpre coa información mínima requirida no ciclo VSMA (verificación, seguimento, modificación e acreditación). Así mesmo, é a Comisión de Calidade quen propón a información a publicar en relación cos resultados do SGC, sendo o decano quen aproba en última instancia a súa difusión. Todo o cal se recolle nas memorias anuais de calidade.

Non obstante, as citadas comisións e o decano do centro, delegan na ACMP e a responsable de calidade, a toma de decisións respecto da información a publicar cando esta resposta ó ciclo anual de xestión da calidade: publicación de memorias de calidade e plan de melloras, actas, información de eventos celebrados na Facultade vinculados á orientación profesional, resultados das enquisas propias do centro, actualización do panel de indicadores, etc. Soamente se pronuncian explicitamente as comisións e o decano, na medida en que a citada información ten un carácter extraordinario no ciclo anual da calidade.

Por outra parte, o centro dispón de mecanismos destinados a comunicar a todos os grupos de interese tanto o programa formativo como os procesos que garanten a calidade das ensinanzas, procedementos de xestión e asuntos vinculados coas tarefas de investigación que dito centro alberga. A principal ferramenta para visibilizar todo o anterior é a nosa páxina web

(E9. Páxina web da universidade/centro/título http://www.usc.es/gl/centros/cc_comunicacion/index.html), onde se deposita e organiza a información pública sobre os diferentes títulos que se desenvolven no centro, tanto en galego, como en castelán e, aínda que parcialmente, dado que non abrangue á totalidade dos programas dos títulos, tamén en inglés.

Dende a coordinación dos títulos recábase anualmente información procedente do sector profesional, relacionada con diferentes aspectos relativos á formación do alumnado. Esta información recóllese nas memorias de calidade, así como na web do centro.

En xeral, a organización e o volume de información que ofrece a web do centro foise desenvolvendo progresivamente en aras de ofrecer un servizo útil a estudantes, empregadores, administradores educativos, institucións públicas e privadas que desexan contactar co centro por motivos diversos, docentes, comunidade investigadora, etc. Por outra parte, a tarefa de revisión externa e conseguintes recomendacións de melloras realizadas periodicamente pola ACSUG, ven sendo tomada en consideración de cara a mellorar este que, a todas luces, consideramos un servizo. En concreto, pretendeuse mellorar en canto a claridade e coherencia na exposición, sobre todo no tocante a datos tan relevantes como o número de prazas de novo ingreso (perfil de ingreso) ou a taxa de eficiencia (rendemento de egresados), entre outros. Así mesmo, o carácter extensivo da información que ofrecemos, foi outro dos criterios barallados. E deuse conta, a nivel informativo, de numerosas recomendacións de mellora realizadas no ciclo VSMA:

- Inclusión literal de competencias específicas para as que habilitan os títulos.
- Activación de enlaces relevantes para a orientación do alumnado, tal é o caso da acción tutorial, ou do "apoio tutorial extraordinario".
- Ampliación da información en inglés.
- Habilitación dun local específico destinado a representantes de estudantes, incluído o alumnado titor.
- Inclusión dun enlace á Biblioteca de Ciencias da Comunicación.
- Exposición sintética dos principais resortes nos que se sustenta o funcionamento do SGC.
- Publicación das actas das comisións de Calidade, Académica e de TFG, e Académica de máster;
- Ampliación da información relativa ao programa de prácticas en empresas, ao amparo do título Módulo 11, un programa que non aparece incluído no listado de materias e módulos do título, debido a un requirimento do sistema de xestión da USC: si as prácticas apareceran no listado de materias, ao mesmo nivel que as restantes, o alumnado tería a posibilidade de escollelas no momento de matricularse, sen embargo, as nosas prácticas non son obrigatorias senón optativas, e si o alumno se matricula delas, ao igual que doutras materias, en caso de que este alumno non fose seleccionado por ningunha das empresas que subscriben os nosos convenios, este podería esixir de todos modos a concesión de dita praza de formación práctica –á que optou pero que non conseguiu– xa que ten sufragadas as correspondentes taxas;
- Publicación de datos relativos á inserción laboral dos titulados ([114 Resultados de inserción laboral](#)), ás enquisas de satisfacción dos titores externos de prácticas, e ás experiencias exitosas nas que está implicado o alumnado do centro, así como a relación co sector profesional.

Así mesmo, a información sobre o programa formativo dos títulos encóntrase de forma íntegra nos enlaces denominados "programas materias", que permiten expoñer toda a programación docente.

En canto á ferramenta habilitada pola USC, Moodle, que soporta o que identificamos como Campus Virtual, e dentro deste, as Aulas Virtuais, permite incorporar numerosas opcións docentes tales como: distribución e recepción de exercicios prácticos, distribución de documentos de audio, de vídeo, de texto, etc., como complemento formativo; así mesmo, permite a creación e conexión a foros integrados polo alumnado e o/s docente/s dunha materia dada, de cara a garantir a conectividade entre ambos colectivos. A mesma utilidade debe atribuírse á plataforma Microsoft TEAMS, tamén habilitada pola USC.

Por último, como sistema complementario destinado a difundir información doutros asuntos destacados da vida do centro, especialmente aqueles que afectan ao alumnado, habilitouse no marco do vestíbulo principal da Facultade de Ciencias da Comunicación, lugar de tránsito obrigado, un taboleiro electrónico (pantalla) con información sintética, operativa, diariamente actualizada, sobre cuestións relevantes: convocatorias, concursos, actividades de formación complementaria, extracurricular, avisos urxentes, etc. Como reforzo deste último sistema de comunicación, activárase o Facebook da

Facultade, que facilita ao alumnado un seguimento continuado e actualizado das cuestións máis relevantes que afectan á vida académica (<https://www.facebook.com/Facultade-de-Comunicaci%C3%B3n-USC-1419708378331767/?f=1552541385062498>). Debe engadirse que as propias listas de distribución de información da USC, a través de dispositivos móbiles, permiten facer chegar a tódolos grupos de interese con participación na vida do centro, numerosas cuestións: enquisas, información instantánea de cualificacións, concursos, certames, convocatorias, etc.

Medida da eficacia, utilidade e satisfacción da información pública

A continuación exporanse aqueles valores que nos permiten medir, en parte, a eficacia e a utilidade da información pública en opinión dalgúns grupos de interés.

Grao en Comunicación Audiovisual:

Sen resultados debido á situación de pandemia.

Código	IN23G
Nome	Satisfacción dos egresados coa información pública dispoñible
Procedemento de Cálculo	Valoración media da enquisa de satisfacción dos egresados coa información pública dispoñible. Permite coñecer a opinión dese grupo de interese sobre a información pública do título.

	2014-15	2015-16	2016-17	2017-18	2018-19	2019-20
Total	2,12	2,59	2,86	3,14	3,29	-

Grai en Xornalismo:

Código	IN23G
Nome	Satisfacción dos egresados coa información pública dispoñible
Procedemento de Cálculo	Valoración media da enquisa de satisfacción dos egresados coa información pública dispoñible. Permite coñecer a opinión dese grupo de interese sobre a información pública do título.

	2014-15	2015-16	2016-17	2017-18	2018-19	2019-20
Total	2,52	2,48	2,97	2,70	2,64	-

Máster

Sen resposta debido á situación de pandemia.

Código	IN23M
Nome	Satisfacción dos egresados coa información pública dispoñible
Procedemento de Cálculo	Valoración media da enquisa de satisfacción dos egresados coa información pública dispoñible. Permite coñecer a opinión dese grupo de interese sobre a información pública do título.

	2014-15	2015-16	2016-17	2017-18	2018-19	2019-20
Total	-	-	-	2,40	2,80	-

3. Plan de Melloras do centro

LISTAXE DE ACCIÓNS

ID	ORIXE	DESCRICIÓN	ESTADO	RESPONSABLE SEGUIMENTO	DATA FIN PREVISTO	REMATADA
CAV (2021-2022)-01 / XOR (2021-2022)-01 / DGXC (2021-2022)-01	Satisfacción dos estudantes saíntes cos programas de mobilidade	Seguimento do título	Activa	Responsable do Programa de Mobilidade da Facultade de Ciencias da Comunicación	01/02/2022	-
CAV (2021-2022)-02/ MUXC (2021-2022)-01	Porcentaxe de estudantes egresados nun curso académico que ao longo dos seus estudos realizou as prácticas en empresas e institucións	Seguimento do título	Activa	Coordinador das Prácticas Externas de CAV. Coordinadora de Prácticas Externas do centro.	05/04/2021	-
XOR (2021-2022)-02/ MUXC	Descenso da taxa de eficiencia (rendemento dos egresados): Relación porcentual entre o número total de créditos que superou un estudante ao longo da titulación na que egresou e o número total de créditos nos que se	Seguimento do título	Activa	Responsable de Calidade Coordinador do Título	30/09/2022	-

(2021-2022)-02/03/04	<p>matriculou.</p> <p>MUXC 03 Descenso da taxa de éxito dos egresados: Relación porcentual entre o número total de créditos que superou un estudante ao longo da titulación na que foi egresado e o número total de créditos aos que se presentou.</p> <p>MUXC04 Descenso da taxa de rendemento: Relación porcentual entre o número total de créditos ordinarios que superaron os estudantes e o número total de créditos ordinarios en que se matricularon. Descenso da taxa de avaliación: Relación porcentual entre o número total de créditos ordinarios aos que se presentaron os estudantes e o número total de créditos ordinarios matriculados.</p>					
MUXC (2021-2022)-05	<p>Necesidade de mellora da Matricula de Novo Ingreso por Preinscripción: Número de estudantes que se matriculan no primeiro curso dun plan de estudos por primeira vez, sen contar aos estudantes que acceden a través de validación parcial de estudos estranxeiros, traslados ou adaptacións desde plans en extinción.</p>	Seguimento do Título	Activa	Vicedecana da Estudantes	30/09/2021	-

CAV (2021- 2022)- 03/04	Ítemes calificados por debaixo de 3 na Enquisa de Satisfacción do Alumnado coa Titulación	Seguimento do Título	Activa	Equipo Decanal Responsable de Calidade Coordinadores de Títulos Responsable da Unidade de Xestión Administrativa	Setembro 2022	-
XOR (2021- 2022)- 03/04						
DGXC (2021- 2022)- 02/03						
CAV (2021- 2022)-05	Ítem "Participación" pertencente ao Informe da enquisa de satisfacción do alumnado coa docencia recibida; ítem "Participación" pertencente ao Informe da enquisa de satisfacción do profesorado coa docencia recibida, ambos con valores baixos.	Seguimento do Título	Activa	Coordinadores dos títulos Responsable de Calidade	Setembro 2022	-
XOR (2021- 2022)-05						
DGXC (2021- 2022)-04						

MUXC (2021- 2022)-06						

Obxectivo a conseguir:

1. Incremento da participación nas enquisas de satisfacción
2. Incremento das taxas relacionadas co rendemento académico.
3. Incremento da Matrícula de novo acceso no máster.
4. Mellora das Enquisas de Satisfacción coa titulación (graos e dobre grao).

Responsable do obxectivo: Coordinador RAM (1); Responsable de Calidade (4) e coordinador do título (2) (4); Equipo decanal (3)(4); Xestor Unidade Administrativa (4)

Data inicio: 2021

Data fin: 2022

Obxectivo estratéxico relacionado

- 3.2. Incrementar e, no seu caso, fornecer as relacións de colaboración con outras universidades españolas e estranxeiras. (Obx.1)
- 3.1. Vincular algúns dos intereses da FCCº ao ámbito empresarial e institucional destinatario tanto dos nosos titulados, como de grande parte da nosa tarefa investigadora. (Obx. 2)
- 1.4. Mellora das prácticas de xestión (dos títulos), con especial atención a aquelas que atinxen ao (rendemento do) alumnado. (Obx.3)
- 1.2. Mellora da coordinación docente, axilizando en concreto os procedementos de acción conxunta entre o Equipo decanal, a Comisión de Calidade do Centro, os Coordinadores de títulos e o equipo docente. (Obx. 4)

<p>Procesos clave relacionados</p>	<p>PC-03. Apoio a estudantes (Obx. 1) PC-05. Análise de resultados e mellora dos programas (Obx. 2) PC-01. Análise do perfil de ingreso e captación (Obx. 3) PE-02. Revisión e mellora (Obx. 4)</p>		
<p>Indicador/es de medición</p>	<p>1. IN15G-Satisfacción dos estudantes saíntes cos programas de mobilidade</p> <p>2. IN22G/M-Porcentaxe de estudantes egresados nun curso académico que ao longo dos seus estudos realizou as prácticas en empresas e institucións</p> <p>3. IN53G/M-Taxa de eficiencia (rendemento dos egresados)</p> <p>4. IN50M- Taxa de éxito dos egresados</p> <p>5. IN34M – Taxa de rendemento / IN36M- Taxa de avaliación</p> <p>6. IN04M- Matrícula de novo ingreso por preinscripción</p>	<p>Meta a conseguir</p>	<p>1. Estimular a participación dos estudantes de mobilidade nas enquisas de satisfacción. Mínimo 50%</p> <p>2. Estimular a participación dos estudantes dos títulos no programa de Prácticas Externas. Mínimo 50%</p> <p>3. Incrementar a Taxa de eficiencia (rendemento dos egresados). Mínimo 90%.</p> <p>4. Incrementar a Taxa de éxito. Mínimo 90%.</p> <p>5. Incrementar das Taxas de rendemento e de Avaliación. Mínimo 90%.</p> <p>6. Incrementar a Matrícula de novo ingreso por preinscripción. Mínimo 20 alumnos.</p> <p>7. Mellora de resultados da Enquisa de Satisfacción do Alumnado coa Titulación. Mínimo 3 puntos.</p>

	<p>7. INF22-Satisfacción do alumnado coa titulación</p> <p>8. INF13-Satisfacción do alumnado coa docencia recibida e INF 14-Satisfacción do profesorado coa docencia impartida</p>		<p>8. Incrementar a porcentaxe de participación do alumnado na Enquisa de satisfacción coa docencia recibida (50%) e do profesorado na Enquisa de satisfacción coa docencia impartida (50%).</p>
<p>Accións de mellora relacionadas (Código)</p>	<p>5. CAV (2021-2022)-01 / XOR (2021-2022)-01 / DGXC (2021-2022)-01</p> <p>6. CAV (2021-2022)-02/ MUXC (2021-2022)-01</p> <p>7. XOR (2021-2022)-02/ MUXC (2021-2022)-02</p> <p>8. MUXC (2021-2022)-03</p> <p>9. MUXC (2021-2022)-04</p> <p>10. MUXC (2021-2022)-05</p> <p>11. CAV (2021-2022)-03/04 / XOR (2021-2022)-03/04 / DGXC (2021-2022)-02/03</p> <p>12. CAV (2021-2022)-05 / XOR (2021-2022)-05 / DGXC (2021-2022)-04 / MUXC (2021-2022)-06</p>		

ACCIÓNS DE MELLORA				
Definición	Acción de mellora	Código	CAV (2021-2022)-01 / XOR (2021-2022)-01 / DGXC (2021-2022)-01	
		Tipo	Acción de título	
	Ambito	Ámbito de aplicación	Criterio 3. Sistema de garantía de calidade	
	Definición	Análise causa	Non se dispon de datos relativos á Enquisa de Satisfacción dos estudantes saíntes cos programas de mobilidade nin nos títulos de Grao, nin no Dobre Grao, nin no Máster, en 2019-2020.	
		Definición/descripción proposta	Promover un calendario de reunións con alumnos que gozaron de bolsa Erasmus en cursos previos, coa finalidade de que dean conta da súa experiencia e que resolvan as dúbidas dos potenciais solicitantes; incidindo na necesidade de habilitar as Enquisas de Satisfacción como fonte de información para a mellora da mobilidade.	
		Data prevista de finalización	01/02/2022	
		Data inicio	01/10/2021	
Responsables	Responsable da implantación	Responsable do Programa de Mobilidade da Facultade de Ciencias da Comunicación		
Finalización	Estado	Activa		
	Data estado	11/03/2021		
	Comprobación	Periódica		
	Data comprobación	Novembro 2021 Marzo 2022		

ACCIÓNS DE MELLORA			
Definición	Acción de mellora	Código	CAV (2021-2022)-02/ MUXC (2021-2022)-01
		Tipo	Acción de título
	Ambito	Ámbito de aplicación	Criterio 1. Organización e desenvolvemento
	Definición	Análise causa	Tendencia á baixa durante os dous últimos cursos académicos (2018-2019 e 2019-2020) no caso de CAV. Non se sobrepasa o 50% do alumnado egresado, no caso do Máster en 2019-2020.
		Definición/descripción proposta	Incentivación da participación do alumnado nas Prácticas Externas, mediante a inclusión de testemuñas audiovisuais de egresados cuio paso polo sistema de prácticas derivara, ulteriormente, no ingreso no mercado laboral.
		Data prevista de finalización	01/02/2022
		Data inicio	01/10/2021
	Responsables	Responsable da implantación	Coordinador das Prácticas Externas de CAV. Coordinadora de Prácticas Externas do centro.
Finalización	Estado	Activa	
	Data estado	05/04/2021	
	Comprobación	Periódica	
	Data comprobación	Novembro 2021 Marzo 2022	

ACCIÓNS DE MELLORA			
Definición	Acción de mellora	Código	XOR (2021-2022)-02/ MUXC (2021-2022)-02
		Tipo	Acción de título
	Ambito	Ámbito de aplicación	Criterio 7. Indicadores de satisfacción e rendemento
	Definición	Análise causa	Descenso continuado da taxa de eficiencia (rendemento dos egresados), a cal, no caso do Grao en XOR atópase perto do 90% e no caso do Máster atópase perto do 80%.
		Definición/descripción proposta	Introducir, entre a información proporcionada sobre o título no Acto de Benvida, a citada Taxa, coa finalidade de que o alumnado de novo ingreso coñeza a relación entre matricular créditos e superalos, ao tempo que se faga responsable das súas escollas.
		Data prevista de finalización	30/09/2022
		Data inicio	01/09/2021
	Responsables	Responsable da implantación	Responsable de Calidade. Coordinador do Título.
Finalización	Estado	Activa	
	Data estado	12/04/2021	
	Comprobación	Periódica	
	Data comprobación	Setembro 2022	

ACCIÓNS DE MELLORA			
Definición	Acción de mellora	Código	MUXC (2021-2022)-03
		Tipo	Acción de título
	Ambito	Ámbito de aplicación	Criterio 7. Indicadores de satisfacción e rendemento
	Definición	Análise causa	Descenso da taxa de éxito dos egresados, que pasa a situarse en torno ao 80%.
		Definición/descripción proposta	Introducir, entre a información proporcionada sobre o título no Acto de Benvida, a citada Taxa, coa finalidade de que o alumnado de novo ingreso coñeza a necesidade de equilibrar o número total de créditos aos que se presentan e o número total de créditos que se superan.
		Data prevista de finalización	30/09/2022
		Data inicio	01/09/2021
	Responsables	Responsable da implantación	Coordinador do Título.
	Finalización	Estado	Activa
		Data estado	19/04/2021
Comprobación		Periódica	
Data comprobación		Setembro 2022	

ACCIÓNS DE MELLORA

Definición	Acción de mellora	Código	MUXC (2021-2022)-04	
		Tipo	Acción de título	
	Definición	Ámbito	Ámbito de aplicación	Criterio 7. Indicadores de satisfacción e rendemento
		Definición	Análise causa	Descenso da taxa de rendemento, que pasa a situarse no 78,08%. %; e da Taxa de avaliación: 79,22.
			Definición/descripción proposta	Introducir, entre a información proporcionada sobre o título no Acto de Benvida, as citadas Taxas, coa finalidade de que o alumnado de novo ingreso coñeza a necesidade de equilibrar o número total de créditos que se superan e o número total de créditos aos que se presentan; así como aqueles aos que se presentan e aqueles que matriculan.
			Data prevista de finalización	30/09/2022
			Data inicio	01/09/2021
Responsables	Responsable da implantación	Coordinador do Título.		
Finalización	Estado	Activa		
	Data estado	19/04/2021		
	Comprobación	Periódica		
	Data comprobación	Setembro 2022		

Definición	Acción de mellora	Código	MUXC (2021-2022)-05
		Tipo	Acción de título

	Ambito	Ámbito de aplicación	Criterio 1. Organización e desenvolvemento
	Definición	Análise causa	A Matrícula de novo ingreso sitúase en 19 alumnos, sendo o total das prazas ofertadas: 30.
		Definición/descripción proposta	Realizar unha campaña de promoción do máster entre o alumnado do centro a través de redes sociais.
		Data prevista de finalización	30/09/2021
		Data inicio	01/05/2021
Responsables	Responsable da implantación	Vicedecana de Estudiantes	
Finalización	Estado	Activa	
	Data estado	20/04/2021	
	Comprobación	Periódica	
	Data comprobación	Setembro 2021	

Definición	Acción de mellora	Código	CAV (2021-2022)-03/04 XOR (2021-2022)-03/04 DGXC (2021-2022)-02 /03
		Tipo	Acción de título
	Ambito	Ámbito de aplicación	Criterio 7. Indicadores de satisfacción e rendemento
	Definición	Análise causa	Nas respectivas Enquisas de Satisfacción do Alumnado coas Titulacións os ítemes que se reproducen a continuación obteñen valores baixos:

		<p>- Información sobre o título: 2,87 CAV; 2,79 XOR; 1,80 DGXC.</p> <p>- Recursos educativos: 2,80 CAV; 2,58 XOR; 2,60 DGXC.</p> <p>- Infraestructuras e materiais: 2,73 CAV; 2,63 XOR; 2,40 DGXC.</p> <p>- Distribución da carga de traballo: 2,21 XOR; 2,60 DGXC.</p> <p>- Equilibrio contidos teóricos e prácticos: 2,25 CAV; 2,74 XOR; 2 DGXC.</p> <p>- Organización do título: 2,25 CAV; 2,16 XOR; 1,60 DGXC.</p> <p>- Orientación profesional e laboral recibida no teu centro: 2,67 CAV; 2,53 XOR; 1,80 DGXC.</p> <p>Cualifícanse por debaixo de 3.</p>
	Definición/descripción proposta	<p>Establecer unha axenda de contactos cos delegados de curso e representantes de alumnos de Dobre Grao para detectar en qué se concretan os déficits na información, nos recursos educativos e nas infraestructuras e recursos materiais; ao tempo que para realizar un labor pedagóxico ao respecto, que inclúa asemade a xustificación da organización de horarios do centro e a necesidade de incrementar a participación nas enquisas de satisfacción.</p> <p>Este labor pedagóxico incluírá os ítemes sobre o establecemento dunha retroalimentación delegados-coordinadores de curso para garantir unha óptima distribución da carga de traballo cuatrimestral, explicar a distribución da carga entre créditos teóricos e créditos prácticos e, en xeral, detectar incidencias, déficits, na organización das respectivas titulacións.</p> <p>Habilitar, na web do centro, un espazo para dar a coñecer as saídas profesionais dos títulos mediante testemuñas audiovisuais gravadas de egresados describindo con brevidade e a modo ilustrativo o labor profesional que realizan.</p>
	Data prevista de finalización	04/05/2022
	Data inicio	04/05/2021
Responsables	Responsable da implantación	<p>Equipo decanal</p> <p>Responsable de calidade</p> <p>Coordinadores dos títulos</p> <p>Responsable da Unidade de Xestión Administrativa</p>
Finalización	Estado	Activa
	Data estado	22/04/2021
	Comprobación	Periódica
	Data comprobación	Setembro 2022

Definición	Acción de mellora	Código	<p>CAV (2021-2022)-05</p> <p>XOR (2021-2022)-05</p> <p>DGXC (2021-2022)-04</p> <p>MUXC (2021-2022)-06</p>
		Tipo	Acción de título
	Ambito	Ámbito de aplicación	Criterio 7. Indicadores de satisfacción e rendemento
	Definición	Análise causa	<p>Nos Informes das Enquisas de Satisfacción do Alumnado coa Docencia Recibida e nos Informes das Enquisas de Satisfacción do Profesorado coa Docencia Impartida, a participación concrétese nos valores que se indican:</p> <p>-Grao Comunicación Audiovisual: alumnado 1S 30,33% e 2S 21,69% / profesorado 29,55%.</p> <p>-Grao Xornalismo: alumnado 1S 27,24% e 2S 19,55% / profesorado 31,75%.</p> <p>-Dobre Grao: alumnado 1S 45,45% e 2S 21,25% / profesorado 35,21%.</p> <p>-Máster: alumnado 1S 17,39% e 2S 16,67% / profesorado 38,39%.</p>
		Definición/descripción proposta	Elaborar unha axenda de reunións organizadas por cursos e títulos, cos respectivos coordinadores dos títulos, o profesorado con docencia nos títulos e o alumnado dos títulos, a fin de concienciar da relevancia e da responsabilidade de participar nas enquisas de satisfacción.
		Data prevista de finalización	01/09/2022
		Data inicio	10/05/2021
	Responsables	Responsable da implantación	Coordinadores dos títulos
	Finalización	Estado	Activa
		Data estado	05/05/2021
Comprobación		Periódica	

	Data comprobación	Setembro 2022
--	-------------------	---------------

4. Modificacións nos diferentes títulos

<u>MODIFICACIÓNS DO PLAN DE ESTUDOS</u>		
TÍTULO	MODIFICACIÓN	XUSTIFICACIÓN
-	-	-

5. Listaxe de evidencias e indicadores

Directrices	Nº	Evidencia / Indicador	Documento/enlace
2,3	E1	Memoria vixente do título	ACSUG
2,3	E2	Informes de verificación, modificación, seguimento incluíndo os plans de mellora	ACSUG
2,3	E3	Análise do perfil real de ingreso/egreso	Memoria, Directrices 2 e 3
2,3	E4	Guías docentes das materias (competencias, actividades formativas, metodoloxías docentes, sistemas de avaliación, resultados de aprendizaxe)	Web do centro (se algún título ten páxina web [non institucional] deberá consignarse a ligazón por separado. En caso contrario, chega co web do centro)
1,2,3	E5	Actas das reunións celebradas, polo menos dos dous últimos cursos, da Comisión Académica/Comisión de Titulación/Comisión de Garantía de Calidade (as actas deben incorporar un apartado con acordos adoptados en cada reunión)	Enlace web ou PDF
2,3	E6	Listaxe de estudantes que solicitaron recoñecemento de créditos	Enlace web ou PDF
2,3	E8	Informes/documentos onde se recollan as conclusións dos procedementos de consulta internos e externos para valorar a relevancia e actualización do perfil de egreso dos estudantes do título/valoración adquisición resultados da aprendizaxe	Memoria, Directrices 2 e 3
1, 2, 3	I1	Número de estudantes de novo ingreso por curso académico	Panel de indicadores_2016-2017
			INF.16_2016-2017 (información por título)
			INF.CiUG_2016-2017 (información por título)
1, 2, 3	I2	No caso de máster, número de estudantes de novo ingreso por titulación de procedencia	I2_2016-2017 (información por título)
1, 2, 3	I3	Indicadores de mobilidade (Número e porcentaxe de estudantes que participan en programas de mobilidade sobre o total de estudantes matriculados)	Panel de indicadores_2016-2017
			INF.03_2016-2017 (información agrupada por centro)
6	E9		Web da USC

		Páxina web da universidade/centro/título (debe ter como mínimo a información referida "Información mínima pública*")	Web do centro (se algún título ten páxina web [non institucional] deberá consignarse a ligazón por separado. En caso contrario, chega co web do centro)
1	E10	Documentación do SGC (política e obxectivos de calidade, manual e procedementos)	Web do centro
1	E11	Evidencias da implantación dos procedimentos do SGC(procedementos completos, revisados e actualizados que desenvolvan as directrices do SGC:Política de calidade,Deseño revisión periódica e melloras dos programas formativos, garantía da aprendizaxe, ensinanza e avaliación centrados no estudante, Garantía e mellora da calidade dos recursos humanos, garantía e mellora da calidade dos recursos materiais e servizos e información Pública)	Web do centro
1, 2, 3	E12	Plans de mellora derivados da implantación do SGC	Web do centro
1, 2, 3	E13	Análise das enquisas de satisfacción (%participación, resultados, evolución,...)	Memoria, Directrices 1, 2 e 3
Todas	I4	Resultados das enquisas de satisfacción de todos os grupos de interese do título	Panel de indicadores_2016-2017
			Informes de enquisas (docencia, PDI, PAS, egresados, prácticas, mobilidade...)
1	I5	Resultados dos indicadores que integran o SGC	Panel de indicadores_2016-2017
1	E14	Informe de certificación da implantación do SGC	ACSUG
4	E15	Plan de Ordenación Docente: información sobre o profesorado (número, experiencia docente e investigadora, categoría, materias que imparte, área, etc)	E15_2016-2017 (información por título)
4	E16	Información sobre o persoal de apoio por Centro (número e cargo/posto desempeñado)	E16_2016-2017

4	E17	Análise das enquisas de avaliación da docencia (% participación, resultados, evolución, ...)	Memoria, Directriz 4
4	I6	Porcentaxe de participación do profesorado do título en plans de formación da universidade e en actividades formativas específicas	I6-I7_2016-2017 (información agrupada por centro)
4	I7	Porcentaxe de participación do PAS do centro en plans de formación da universidade e en actividades formativas específicas	I6-I7_2016-2017 (información agrupada por centro)
4	I8	Resultados das enquisas de avaliación da docencia (%participación, resultados, evolución,...)	INF.13_2016-2017 (información por título) INF.14_2016-2017 (información por título)
4	I9	Porcentaxe de profesorado do título avaliado polo programa DOCENTIA ou similares e resultados obtidos.	<i>Non dispoñible</i>
4	I10	Indicadores de mobilidade (número e porcentaxe de profesores que participan en programas de mobilidade sobre o total de profesorado do título)	I10_2016-2017 (información agrupada por centro)
5	E18	Información sobre os recursos materiais directamente relacionados co título	Web do centro
5	E19	Información sobre servizos de orientación académica e programas de acollida	Web do centro
5	E20	Listaxe dos centros/entidades para a realización de prácticas externas curriculares ou extracurriculares	Enlace web ou PDF
5	I11	Distribución alumnado por centros de prácticas	Enlace web ou PDF
5	E22	Materiais didácticos e/o tecnolóxicos que permitan unha aprendizaxe a distancia	Campus Virtual
2,3	E24	Listaxe de traballos fin de grao/máster de, al menos, os últimos cursos académicos (título, titor y calificación)	Enlace web ou PDF
2,3	E25	Informes/listaxe das calificacións de cada unha das materias do título	INF.15_2016-2017 (información por título)
2,3	E26	Mecanismos utilizados para a análise da adquisición dos resultados de aprendizaxe	Memoria, Directrices 2 e 3
2,3	E30	Informe/documento onde se recollan os resultados do título (incluídos indicadores inserción laboral e SIIU)	Memoria, Directrices 2 e 3

2, 3	I12	Indicadores de resultados (estas taxas facilitaranse de forma global para o título. As taxas de rendemento, éxito e avaliación facilitaranse tamen por materia): - Taxa de graduación - Taxa de abandono - Taxa de eficiencia - Taxa de rendemento - Taxa de éxito - Taxa de avaliación	Panel de indicadores_2016-2017 (información agrupada por centro)
			INF.17_2016-2017 (información por título)
			INF.18_2016-2017 (información por título)
			INF.19_2016-2017 (información por título)
			SIIU_2016-2017 (información por título)
2, 3	I13	Relación da oferta/demanda das prazas de novo ingreso	Panel de indicadores_2016-2017 (información agrupada por centro)
			INF.CiUG_2016-2017 (información por título)
2, 3	I14	Resultados de inserción laboral	EIL-SIIU_2016-2017 (información por título)
2, 3, 4, 5	I15	Media de alumnado por grupo de docencia (docencia expositiva, interactiva...)	Panel de indicadores_2016-2017 (información agrupada por centro)

Sinatura dixital / Firma digital / Digital signature

Asinante/Firmante/Signer: JOSE RAMON POUSA ESTEVEZ, DECANO A DA FACULTADE DE CIENCIAS DA COMUNICACION, UNIVERSIDAD DE SANTIAGO DE COMPOSTELA, 30/06/2021 10:24:31.

CSV: 0AFC-7AB6-46B8-B70C